

## BIBLIOGRAFÍA

- APOLONIA, Bibiana: "El cambio, la globalización y la Internet". En *en.red.antes*. (28-09-99) [www.enredando.com](http://www.enredando.com).
- Castells, Manuel: (1998) *La era de la Información*. Volumen 2: *El poder de la identidad*. Ariel.
- BANET, Miguel: "Consideraciones sobre los espacios virtuales". En [www.anice.net.ar/infoysoc/catedra/Material/banet.html](http://www.anice.net.ar/infoysoc/catedra/Material/banet.html).
- FINQUELIEVICH, Susana: "De los hippies al e-commerce". En *en.red.antes* número 64, [www.enredando.com](http://www.enredando.com).
- LÓPEZ, Xosé: "La información de proximidad en la sociedad global". En *Latina* número 13. [www.lazarillo.com/latina/a1999c/140xose.htm](http://www.lazarillo.com/latina/a1999c/140xose.htm).
- PINA MARÍNEZ, Antonio: "Sociedad y medios de comunicación". En *en.red.antes* número 66 [www.enredando.com](http://www.enredando.com).
- SARTORI, Giovanni (1998): *Homo videns. La sociedad teledirigida*. Taurus; Madrid.

## REDES E SISTEMAS DE INFORMACIÓN (OU O SOÑO DE PROMETEO SEN CADEAS)

Jorge A. González

Primeiro de nada quero agradecer con moito gusto esta invitación. Non coñecía esta parte de España e agora que a coñezo, paréceme entrañable por moitas razóns. Teño algún contacto de lonxe coa poesía galega, con algunhas películas e outras marabillas que puiden ver desta zona e teño tamén unha memoria conversada da diáspora e do éxodo que tivo que haber polas condicións particulares desta fermosa zona do mundo.

O que agora vou dicir alédame por unha parte e preocúpame por outra. É algo que vai en sintonía coas dúas presentacións anteriores. Do que vou falar é de que non se pode separalo xeito de organizármolos para xerar coñecemento do coñecemento mesmo. Sosteo que non se pode dicir: "¡eu só descubrín a fisión nuclear, é dicir, o xeito de creba-los átomos para liberar unha enorme cantidade de enerxía, pero eu non botei a bomba atómica! Non sei quen a botou. E non fixen máis ca este descubrimiento".

Dende a perspectiva que lles propoño resulta que se non podemos controla-los usos sociais do coñecemento que xeramos, entón tampouco podemos controla-lo coñecemento. Farei tamén unha referencia ós estudantes que están nas nosas universidades e que algunha vez foron como nos cantaba o músico arxentino León Giecco: "parecíamos... esperanzas caminantes"...

Pero ¿que ocorre na universidade cando despois de catro anos de "estudios" miras ós ollos desas outrora "esperanzas camiñantes" ou compara-las fotos da época do seu ingreso coas da súa marcha? É impresionante constata-la deterioración xeneralizada que houbo aí e que non é só polo paso dos anos, ¿onde quedou o lume? ¿onde quedou a vida? ¿u-las ideas? ¿Quen sabe onde? Parece que asistimos a un proceso de desenerxetización, de depresión e desactivación dos lugares nos que se metaboliza profesionalmente a vida e os seus avatares mediante a reflexión e a acción reflexiva.

Sosteo que se non cambiamos dende dentro nas universidades onde xeramos (onde deberíamos e poderíamos xerar) coñecemento, amplas rexións do país, vastas zonas do mundo quedarán e seguirán quedando ¿para sempre? excluídas do benestar, dos medios para ter unha vida digna e con calidade expansiva como estiveron "na noite dos tempos".

Esta é, sen dúbida, a parte preocupante.

Pero tamén coido que non todo está perdido e que se poden facer aínda moitas cousas: podemos medrar en calidade de coñecementos e sobre todo podémonos vertebrar moito mellor se somos quen de tocar e redeseña-lo xeito de organizármonos para construírmo-lo coñecemento.

Hai unha constante que me parece importante na historia da Humanidade: mentres menor conectividade –é dicir, menos vínculos– e canto menor consistencia –é dicir, menos coincidencias e pobre elaboración sobre o para qué están vinculados– teñen os elementos dun sistema, máis facilmente xeran (¡piden!) a intervención dun poder superior que os in-forme dende fóra.

Falo dun tipo de relación inversamente proporcional entre conectividade e consistencia dunha banda e autodeterminación e autonomía da outra.

Hai tamén unha constante social que convertemos nun verdadeiro mito que ten efectos inmovilizantes, porque as definicións que nos facemos da nosa realidade, por máis que sexan inventadas ou infundadas, míticas xa que logo, son absolutamente reais nas súas consecuencias. E é que o mito de pensar que a "estructura" ou o "sistema" abáfanos simple e fatalmente, domínanos sen posibilidade de saída. Sen embargo, a mellor das análises sociais amósanos que homes e mulleres somos destros na xeración e produción desas estruturas que nos cambian a ollada, que transforman os nosos estudantes de "esperanzas camiñantes" en refugallo e desacougos arrastrantes. Parece ser que as universidades volvéronse, dende hai moito tempo, espazos non para simplemente aprender, senón espazos para aprender a distinguir quen manda. Pero os estudantes, eles e elas, non son parv@s e vólvense verdadeiros expert@s en facer traballos para quen corresponda: "a este mestre gústalle moito a historia, hai que poñerlle moito de historia e dámoslle polo seu pao", ou ben "esta mestra é moi falangueira, poñémoslle entón algún contiño e compracémola".

Pero eu preguntome ¿e cando veñen as súas ideas? Ós poucos constatamos que non hai moito sitio nin incubadoras para as súas ideas nin na sociedade nin nas universidades. En moitos casos, as universidades retardan esta enerxía. @s moz@s chegan (¡cando chegan!) con moitas experiencias e ideas para elaborar e documentar, para avaliar e para abandonar, pero as universidades, no canto de potenciárlle-las habilidades para sistematizar e xerar coñecementos necesarios, as destrezas para se comunicar efectivamente entre moi diferentes eles/as e outros/as, fréanos ó premia-la compracencia ou foméntanlles descaradamente un tipo de prostitución intelectual que empurra a que se vendan ó mellor ofertante (¡hai que adaptarse ó "mercado"! e a que fagan traballos "para quen corresponda". É entón cando se realiza esa aprendizaxe social de saber

verse como os que mandan ou saber distinguir quen son os que mandan. Sen dúbida, esta é tamén unha habilidade que se incorpora, pero teño moitas dúbidas de que ela colabore a mellora-lo estado de cousas deste mundo mundial. Pero dende logo que tampouco aprenden a mandar obedecendo (como nos mostra o movemento zapatista) porque para obedecer hai que aprender a escoitar.

E para facer posible que "veñan as súas ideas", requírese intervir na forma dun xeito de organización que –sen vela– condénanos a repeti-lo destino antes evocado e agudizado nas zonas periféricas do sistema-mundo.

Pero o mundo cambia e cambiou; e todo parece indicar que seguirá cambiando pola acción dos homes e mulleres concretos. ¿Pero cara a onde? ¿Quen dirixe a frecha do cambio? ¿Cales son os custos de cambiar dun estado de cousas a outro? ¿Quen paga os custos?

## 1. Da famosa Era da Información: ou cando o futuro (hai tempo que) xa nos alcanzou.

En pleno século vinteún, ó longo e ancho do mundo-mundial, nas súas múltiples e intrincadas rexións e plurais veciñanzas constatamos unha serie de cambios e mutacións que lle están transformando, de maneira desigual e desincronizada, a vida toda ó planeta e ós seus habitantes.

Nesta chamada "sociedade da información", a diferenza doutras formas anteriores de organiza-la vida no mundo, a xeración de coñecemento e información é absolutamente vital para o seu desenvolvemento e supervivencia. As tecnoloxías dixitais e a comunicación mediada por ordenadores tivo, certamente, un papel protagonista neste novo mundo que se convulsiona e desenvolve nunha especie de revolución dixital que nos pon fronte a retos moi complexos, como o fixera na historia a revolución industrial.

E como o desenvolvemento se parece moito a un vector, é dicir, a unha forza con dirección, dende a forma en que se xera ata o camiño que navega teñen as súas propias consecuencias.

## 2. Prescindible ou non prescindible, *is that the real question?*

Pódese constatar facilmente unha aguda separación inducida pola dirección dese vector entre dúas grandes categorías de individuos. Os individuos auto-programables, que son indispensables para esta nova maneira de organización do sistema mundial porque son flexibles e creativos, e os individuos programables que operan como terminais inertes ou parvos (como se lles chama na linguaxe informática) que operan como

"partes" ou "compoñentes" substituíbles, ríxidas, que poden ser prescindibles (¡mesmo etnicamente!) para a produción e, por suposto, para o consumo dos bens, para a xeración e interpretación de versións do mundo.

A clave para discernir entre ser prescindible ou ser imprescindible é xusto a súa capacidade para xerar coñecemento e para procesar información de maneira intelixente, é dicir, flexible, recursiva, aberta. Son estes axentes os que xeran os saberes necesarios para deseñar e programalos saberes, as memorias, os mundos posibles e os presentes daqueles outros. E así. Se botamos unha ollada á estrutura da distribución mundial dos imprescindibles, veremos que se concentran nalgunhas economías e zonas do planeta que forman un núcleo central que decide, programa e se beneficia en termos materiais, económicos, políticos e simbólicos do multi-cacarexado proceso de globalización.

Doutra banda, vinculados estrutural e historicamente (e igualmente globalizados pero do lado "errado") atopamos diversas versións e niveis do que podemos chamar sen magoa *perrolandia*, vastas zonas onde vaga, habita, se reproduce e morre o *perral*\*. Estas zonas periféricas tamén están "globalizadas" e é aí onde o que se globalizou é o mesmo tipo de excluídos, de pobres e condicións que os acompañan. A ese "outro" lado, na famosa globalización "tocouille" que o globalizase a miseria: un constata o mesmo tipo de miserables e pobres comerciando o mesmo tipo de bagatelas "globais" nos currunchos e nas rúas, as *favelas*, as vilas miseria, *carto-landias* e -global ó fin e ó cabo- nalgunhas das mesmísimas entrañas das economías centrais. Pero non hai poder que se exerza sen resistencias múltiples. Iso foi o que ocorreu o día 1 de xaneiro de 1994 en México cando entra en vigor o Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN) e dende a selva Lacandona (zona que en moitos sentidos se "conxelou" nas condicións do século XVI) xorde un movemento dende o mundo indíxena (por definición histórica compoñente centenario e folclórico do *perral*) que di: ¡Abonda! Somos mexicanos, somos indios e queremos seguir sendo indios e mexicanos, pero con dignidade. E non nos imos deixar desaparecer. "Nunca máis un México e un Mundo sen nós".

É dicir, o día que comeza legalmente un proceso de reorganización mundial para dar un salto cara ó novo milenio, uns estraños seres atrasados a ollos vistos do vector do desenvolvemento néganse a seren prescindibles, a deixaren -coma sempre- de ser "considerados" no progreso a custa de que renuncien a ser o que foron e son.

Prodúcese un verdadeiro impacto, unha sacudida realmente importante. Pero este non foi un berro illado e inaudible: de súpeto o *perral* apáñase e prepárase para utiliza-los medios máis modernos e as tecnoloxías

\*. Perral: conxunto indiscriminado de cans de palleiro, sen dono, sen rostro, sen nome, prescindibles.  
1. <http://www.ezln.org>.

máis avanzadas ó seu servicio, para dici-la súa palabra e convocar a outros para recupera-la dignidade. Sen a estratexia de procesamento e de manexo de información e a profusa construción distribuída de coñecementos sobre eles mesmos e sobre o seu vínculo co mundo-mundial, estes rebeldes remisos a "seren globalizados" serían esmagados sen máis esforzo. Está claro que para eles -"os programables"- e por suposto para os seus errados e sorprendidos "programadores", globalizarse significaba sinxelamente desaparecer. Outras maneiras "globalizadas" de resistencia témolas cos movementos organizados dos sen terra, *homless*, *squatters*, *okupas* e globalofóbicos varios.

E quizais pouca xente sabe que unha das rexións máis estudadas de México é precisamente o estado de Chiapas, que polos seus recursos naturais inmensos, pola súa variedade de composición étnica, serviu como "laboratorio" de prácticas de numerosas teses de doutoramento e investigacións das que -en Chiapas e en México- ninguén (ou pouquísimos) sabe nada. O coñecemento desa rexión e dos seus pobos cos seus costumes vive nalgunha universidade do primeiro mundo. Coma moitas outras rexións da *perrolandia* global, esta zona sempre foi estudada desde fóra. Sociedades in-formadas, coñecidas, narradas, ditas, contadas sempre desde fóra. Sempre (desde "a noite dos tempos") nos dixeron como somos, como non somos e que debemos ser. Pero ¿por que poden facer iso? ¿a que responde isto? Coido que responde a unha distribución desigual da intelixencia.

### 3. Distribución sociohistórica ou "don natural": ¿cal é a intelixencia?

A intelixencia non ten nada que ver cunha medida ou cun "don" individual. Por suposto que non hai intelixencia distribuída sen individuos, pero a nosa intelixencia (a nosa capacidade para resolver con eficacia diversos problemas) non está localizada "na cabeza" de cada cal, senón que sempre está distribuída nos obxectos que manipulamos, nas relacións que mantemos e nas interaccións lingüísticas que xeramos. Obxectos, relacións e interaccións dependen pola súa vez de tres tipos de forzas que veñen do contorno cultural, da situación local e da condición persoal dos individuos. A distribución social (a escala mundial) da intelixencia e da traxectoria dese procedemento deixa zonas baleiras e baleiradas de coñecemento que teñen unha "vocación" case natural para seren ditas, comunidades que son ditas, narradas, contadas, vividas e explicadas desde fóra.

E non falo só de pobos nin de nacións "contadas". Tamén podemos falar dun xénero "contado" desde fóra: as mulleres na historia foron contadas, narradas, vividas desde fóra. Sen dúbida, habitamos un mundo definido



e organizado –sen sabelo ou sen cuestionalo– de maneira masculina no que a diferenza de xénero significa inmediatamente desigualdade.

Todo aquilo que nos une e que nos identifica, o que nos arreda e nos destaca opera como unha zona de ocupación que se recompuxo ó longo da historia. Ó longo de toda a vida enfrontámonos constantemente con territorios simbolicamente ocupados nos que os graos de autodeterminación adoitan ser verdadeiramente escasos, permanentemente reprimidos ou completamente inexistentes na escena pública.

¿Que xera isto? Exclusións a toda escala: *poverty gap*, *digital divide*, fenda informacional, fenda tecnolóxica que dentro das coordenadas normais da súa definición, son, como a impagable débeda "externa" das economías da periferia do sistema-mundo, sinxelamente "eternas".

#### 4. Prometeo dixital: información, investigación, comunicación

Hai unha relación que tamén quero expoñer entre tres tipos de actividade de cultivo, desenvolvemento e distribución de habilidades e de destrezas, esas si verdadeiramente imprescindibles para operar nesta "nova" sociedade. Refírome á relación entre cultura da información, cultura de investigación e cultura da comunicación e á súa relación coas universidades en particular e coa vida social en xeral.

Despois de moitos anos de traballo académico en zonas de *perrolandia* (principalmente en México e en América Latina) pódese chegar a unha dolorosa conclusión: se desapareceran das nosas universidades as súas áreas de investigación (cando as teñen) ou mesmo se desaparecesen ou "axustasen" (para usa-lo eufemismo tecnócrata de moda) as nosas universidades sinxelamente non pasaría nada.

Sen dúbida algúns perderían o seu traballo, a súa cátedra, o seu cubículo e terían que saír busca-la vida a outra parte para "reconvertérense" productivamente en comerciantes, en subempregados ou quen sabe qué, pero todo indica que simplemente, no fondo, non pasaría nada. E ¿por que non pasaría nada? Porque temos unha relación de comunicación sumamente feble e pouco clara coa sociedade: as empresas, as organizacións sociais, os partidos políticos, os gobernos, as comunidades non teñen nin idea de para que serve o que facemos. O verdadeiramente patético é que moitas veces tampouco nós (os universitarios, os investigadores) sabemos para que e para quen facemos o que facemos, ademais de gañar puntitos nunha carreira case-comercial sen fin ou para manterse nun traballo gris ata que o retiro e a pensión nos colla.

Non ter cultura da información, implica desde logo que non sabemos –como sociedade– valora-la información. Pero tampouco sabemos producir, xerala, manexala, aproveitala, cultivala, en fin. Desde logo que

non falo da información xornalística cotiá, que podrece ó día seguinte da súa novidade. Eses "saberes" dependen en grande medida do lugar que temos e que tivemos na sociedade. E por efecto estamos mellor ou peor situados fronte a unha distribución desigual das habilidades e das destrezas precisas para xerar, dispor e interpretar información para coñecermonos e para coñecermos. Temos, ademais da incapacidade para comunicármolos coa sociedade e entre nós mesmos, unha fonda carencia de cultura da información e de cultura da investigación.

Se cruzamos este "trazo" cun valor estratéxico que en tódalas dimensións desta chamada tamén sociedade do coñecemento, ten un manexo destre da información e da xeración permanente do saber, o cadro está deliñado. Enfrontámonos cunha verdadeira desvantaxe histórica, estrutural ou cognitiva, efecto dunha organización mundial vertical que cristaliza e eterniza pola súa vez unha dobre desigualdade. A do acceso ós soportes materiais para xerar coñecementos, por un lado, e, polo outro, a do acceso ás disposicións cognitivas para construílos, asimíalos e aproveitalos.

Nas nosas sociedades periféricas, as redes e formas de organización para xerar coñecementos adoitan ser moi verticais, conservadoras e autoritarias. E esta é a maneira "normal" para xerar eses coñecementos. E non falo aquí da sociedade en xeral, senón das universidades e dos centros de investigación destes países e nacións, que, agás excepcións, adoitan operar de maneiras variadamente verticais, autoritarias, descéndentes, reproductoras.

E isto reforza a tendencia de que cantas menos ideas novas haxa, pois mellor. Poden pasar anos de vida institucional sen que aumenten efectivamente as nosas habilidades para comunicarnos entre os propios membros das institucións académicas e por suposto, pasaron séculos sen mellora-la súa comunicación coa sociedade "extramuros" universitarios.

Tamén a nivel do sistema mundial temos algunhas universidades e centros (*think tanks*) que xeran o coñecemento mundial "necesario" e outra moitas que só repiten e como moito "aplican", e moitísimas outras nas que só "ensinamos" o que alguén di que lle dixeron que dixo o que o dixo.

E nos centros neurais da nosa sociedade, están os produtores que teñen acceso ós soportes materiais (bibliotecas, laboratorios, tecnoloxías) e posúen as disposicións e os esquemas cognitivos para produciren permanentemente coñecementos novos. E por efecto da organización das relacións sociais convértense e asúmense coma unha especie de senado da intelixencia mundial, da que nos chega e nos descende a información sobre o mundo, sobre a nosa condición nel e as interpretacións que a acompañan.

Non debe verse nisto unha actitude pechada de rexeitamento chauvinista á ciencia feita noutros lados e por outros que non somos nós. Máis



ben quero describirlles e mostrarlles unha condición da que afirmo que podemos saír ou axudar a cambiar só se intervimos no desenvolvemento desas tres culturas antes mencionadas. Acontece no nivel das rexións e das etnias; acontece en fin, dentro do nivel de xénero.

O dilema preséntase así: ¿formamos repetidores ou xeradores? ¿terminais "parvos" -prescindibles, con pouca ou nula autodeterminación- ou ben nodos intelixentes, auto determinantes e polo mesmo imprescindibles? Pero, ¿podemos escoller? E ¿quen, na sociedade actual, pode xerar e gañar habilidades e destrezas para xerar coñecementos enraizados na vida práctica para facela simplemente máis práctica, a non ser máis viva? ¿será o tendeiro ou o taxista que están choiando todo o día por aí? Dificilmente. Entón, ¿quen? ¿o ferrocarrileiro? ¿a ama de casa, a *maruja*? ¿o señor que está na esquina? ¿o *perral* espontaneamente, así, simplemente porque si? Dubídoo porque non teñen nin o tempo social nin as destrezas nin o tratamento nin os medios para o desenvolvemento.

Como unha característica biolóxica da especie humana todos xeramos permanentemente coñecementos, por suposto que si, pero a división social do traballo no curso do tempo creou especialistas na xeración de coñecementos e a "novidade" é que nós somos -supostamente- eses especialistas ou deberíamos en todo caso poder selo. Pero ¿onde están os libros, as bibliotecas, os sistemas de información empírica, os especialistas? ¿Onde están os soportes materiais para facelo?

En México, por exemplo, hoxe en día temos moitas universidades: pequeniñas, grandonas, privadas e públicas, críticas e conservadoras, tecnolóxicas e humanistas. Eu traballei nelas durante bastante tempo e son orixinario de Cidade de México, que é o embigo de todo o país: nela estase a concentrar case todo aquilo que fai posible o coñecemento. Pero atópeme nun país no que hai centos de universidades, centos e ducias de profesores novos ou maiores e de estudantes, verdadeiramente brillantes, pero ó mesmo tempo condenados ó dominio do gris e á precariedade intelectual. Pola súa mera localización social, sempre estarán do lado dos repetidores "do que din que din que dixo quen o dixo". Nese esquema, sempre ten que chegar a xente ó "centro" (local, rexional, nacional ou mundial) para dicir: "mírense como (dicimos que) son".

O problema paréceme bastante grave, porque non nos auto-percibimos como xeradores potenciais e reais de información e de coñecemento. E por efecto desa non percepción, desenvolvemos unha moi baixa autoestima intelectual. En efecto, investiga-lo que investigamos e como o investigamos (¿cando case de milagre investigamos!) ¡non serve de nada!. E escoito a xente común e corrente dicir: "¡Ah, es investigador! Home, como se viaxa ¿verdade? ¡que interesante!". E esa percepción desvalorizada na práctica, pero valorada simbolicamente é en gran parte -sospei-

to- responsabilidade da propia comunidade de investigadores, das propias institucións que a sociedade especializa nese traballo.

Pero este prexuízo social opera do mesmo xeito nas propias universidades, nos propios consellos de cultura das cidades, nos gobernos e en toda a sociedade: "¡Ah, investigación! Si. Pero ti es de sociais e de humanidades, ¿non? Ben, ¡toma! Aquí está a túa infraestrutura e como ti só escribes *rollos*, débeche abondar cun lapis e cun papel. ¿Quieres un ordenador?, ¿para que? E despois, a verdade é que me entristece constatar para que queren o condenado ordenador. Moitos dos colegas piden e esixen un ordenador, porque se volveu case un estigma non ter un moi potente e moi moderno... Pero ese ordenador utilízase na maioría dos casos para escribir cartas, textiños e como moito, de cando en vez, para mandar correos electrónicos. E tantos megabytes de memoria impresionante e velocidade en xigahertz ¿para escribir *rolloños*? Non temos unha estimación nin sequera aproximada do nivel de sub-utilización das sofisticadas máquinas para procesar información coas que podemos xerar (¡porque para iso están deseñadas e equipadas!) configuracións de información ás que nunca teríamos acceso traballando á man no tempo dunha vida. Contradicción: témo-las máquinas, pero non sabemos como sacar-lles o máximo de "rendibilidade" para os nosos propios fins.

Esta relación entre universidade e sociedade está tradicional e desgraciadamente chea de desprezo do *perral* por parte da universidade.

E algunhas outras veces chea de romanticismo e populismo barato: "o *perral* ten a razón, porque é o *perral*". E nos dous casos operan con grande ineficacia, ignorancia profunda pero acoirazada de "fama" (só fama) e as máis das veces cheas dun tipo de soberbia e impotencia ó mesmo tempo. Si. Moitas contradicións que tecen unha relación que me parece esquizofrénica coa sociedade.

"Se os fan desaparecer que os fagan desaparecer". "Páganlles cos impostos de todos e se desaparecen cala-lo conto. Que os metan a traballar noutra cousa". Cotiá e dolorosamente constatamos que cando hai que recortar orzamentos, ¿en que se recortan? Doado: en investigación, e especialmente nas parentes pobre da investigación que son as humanidades e as ciencias sociais. Queixámonos, berramos, pero, ¿que máis sabemos facer á parte de tirar *rollos* ex-post-facto, "a touro pasado"? ¿qué máis, á parte de tirar bos e regulares *rollos*? ¿Cómo estamos preparando a nosa xente para ser *rolleros*? ¿que sabemos facer? Ler e fotocopiar. Agora xa nin sequera libros lemos (porque non os hai ou porque non temos hábito de ler ou por ámbalas dúas cousas).

Cultura de fotocopias, meta-meta-meta-fotocopias: fotocopia da fotocopia da fotocopia. E ¿que sabemos facer? Facemos un uso cínico, pero non un uso clínico do que podemos aprender na universidade e ó saírmos non


sabemos facer moitas cousas que deberiamos saber facer. Pero si sabemos facer algo, aprendemos perfectamente a distinguir quen manda. Por suposto estou facendo referencia a un libro de metodoloxía de Lewis Carroll, que se chama *Alicia a través do espello*, onde nos mostra un diálogo entre Humpty Dumpty, un ovo humanizado e Alicia. Pero nese diálogo, cada vez que interactúa con Alicia, este ovo falante cambia segundo o seu capricho as palabras e o seu significado. Alicia, que é moi práctica, dille: "non te entendo, home, non te entendo". E Humpty Dumpty desde a súa posición na cima dun muro contéstalle con soberbia: "Non fai falla que me entendas, trátase de que entendas quen manda" ("*Who's the master*").

Desgraciadamente, moita da información que facemos nas universidades para "xerar" coñecemento é moi parecida a esta escena: aprender como pasa-la materia, aprender a darlle gusto a quen lle corresponda exercer poder sobre nós e facer como que facémo-lo que debemos facer.

Vexamos uns datos de como está distribuído en México o coñecemento.

Cadro 1			
Investigadores ("produtores")	Total	%	% Poboación Nacional
Tódalas áreas científicas	5.879	100	0,006%
Ciencias sociais e humanidades	1.545	26	0,001%

Fonte: CONACYT, 1995.



Gráfica 1: Concentración de investigadores en México

Fonte: CONACYT, 1995

Isto que ven vostedes aquí é a concentración de investigadores recoñecidos oficialmente en 1995 no país. Somos cen millóns de habitantes xa, e só o 14% traballa fóra da cidade de México, o 86% está no "centro".

Os investigadores recoñecidos en México para ese ano apenas chegan ó 0,006% da poboación nacional e para a sección de Ciencias Sociais e Humanidades isto redúcese á quinta parte. A relación é de pouco máis ou menos seis mil "profesionais da flexibilidade" para cen millóns de habitantes. Nos últimos anos o número tendeu a aumentar, pero moi lonxe de algo significativo.

Aquí hai máis datos: os mexicanos que non lemos nada, non podemos mercar libros, as edicións son por tanto moi pequenas, teñen circulación restrinxida, existen escasas revistas científicas na área, temos unha cultura académica que xa lles contaba como é. E, por suposto, non temos unha masa crítica de lectores, un mínimo activo de persoas que está lendo.

Unha última e patética cifra ensínanos como estamos en canto á formación de doutores, é dicir, especialistas en investigación científica: catro mil cincocentos no ano 95. ¡Catro mil cincocentos estudantes de doutoramento para cen millóns de habitantes! ¡Bonita relación!

Simultaneamente por datos oficiais sabemos que menos do 3% da poboación de México chega ás universidades. Dese 3% a metade marcha e deses decimados que ingresan moito menos da metade fan unha tese de investigación, unha tese que xere algún coñecemento dalgunhá relevancia. Porque, claro, moitos profesores sosteñen que os estudantes non están aínda o suficientemente maduros como para produciren coñecemento para axudar a entender e transformar mellor o mundo e por iso máis ben dedícanse a facer -como dicía unha vez Jhon Lennon "making all his nowhere plans for nobody"-, están facendo tódalas súas teses e disertacións para ninguén, para gardalas para a fin dos tempos ou sinxelamente para obter un papel co título.

¿Que temos entón? Unha inmensa centralización que enmarca e mobiliza un fluxo: ¡a xente que pode desprázase cara a onde ve o poder, non vai a *perrolandia*! A xente vai onde está o carto. ¡Que difícil é crear unha facultade ou un centro de investigacións, facela onde antes non había nada.

## 5. Creatividade non vemos, corazóns non sabemos

Por moitos motivos temos unha grande pobreza heurística. A creatividade tanto en arte como en ciencia depende cognitivamente de dúas cuestións. Da amplitude ou estreiteza dun espacio conceptual, dun espacio da linguaxe, sen a axuda do cal sinxelamente non vemos o que non podemos nomear. Pero tamén a capacidade creativa depende pola súa vez da extensión e da riqueza da árbore de exploración ou busca. E ás

veces esa árbore de exploración parécese máis ben a un pobre pao de vasoira. Facerse vello non é ter moitos anos senón comezar a perder posibilidades de explorar. Unha das cousas máis duras para min é cando vexo mociñas e mociños que son uns verdadeiros anciáns mentais, porque "xa saben" de que vai todo. As universidades, habitualmente, favorecen e permiten a pouca exploración e a pobreza estereotipada dunha linguaxe críptica. O resultado é, en consecuencia, o desenvolvemento dunha grande pobreza política para actuar de maneira práctica e documentada, para percibir e decidi-los cambios en función de información precisa para face-las cousas co que sabemos. E nun ciclo vicioso, esta pobreza política lévanos de retorno a unha gran carencia de cultura de información e cultura de investigación.

¿A que me refiro con cultura de investigación?

Hai un dito que é moi reaccionario -todo para os nenos- e que di así: "dádelle a un neno (quizais debería cambiarse "neno" por "necio" ou por "necia") un martelo e todo lle parecerá digno dunha martelada".

Falo de que case sempre se coñece só unha maneira de inquiri-la realidade e tapámo-la posibilidade de aprender diferentes xeitos de facer investigación no mundo. Non toda a realidade é cuantificable ou non se deixa contar de calquera maneira. E do mesmo xeito, non toda a realidade é "entrevistable", a pesar de que alguén saiba moi ben entrevistar ou facer observación etnográfica.

Entón, ¿que queremos facer? Xa dixen que isto é só un panorama. Pero máis ben ¿que é o que non queremos facer? Non queremos seguir fomentando a verticalidade e o autoritarismo no cal os nosos mozos estudantes se forman. ¿Como se pode abordar esta cuestión de crear unha actitude reflexiva que se liga coas ferramentas que temos á man para obxectivo-lo mundo social? ¡Ah, que bonito se di! Pero sen cultura de investigación non podemos empregar-las nosas ferramentas para obxectivo-lo mundo social sobre nós mesmos, para coñece-lo noso xeito de coñecer, sobre o noso propio oficio para así examina-la maneira na que estamos a xerar coñecemento.

O que queremos facer é axudar a formar comunidades emerxentes de investigación. ¿É iso para que? Para formar redes. Para formar redes de comunidades emerxentes que teñan estreitos vínculos, estreito contacto, relacións de colaboración, relacións de apoio, e por suposto que teñan os seus nodos, os seus individuos, as súas unidades, en estimulación constante. Estou falando de que hai que toca-la forma na cal nos organizamos para xerarmos coñecemento porque pode ser moi democrático e moi dialéctico e moi todo o que queiran, pero cando non somos capaces de obxectivar esa maneira de organizármonos para coñecer, que se pareza a unha especie de estrutura de *cigurat*, onde hai un grande iniciado, mem-

bro dunha especie de sanedrín da intelixencia, tres ou catro apóstolos e cen escravos que son os que levantan os datos.

"Eu non mancho as mans con datos, eu veño interpretar" -coma se fose un cantante-. "Veño interpreta-la información".

E a información é privada, a información é restrinxida, a información serve para que eu me doutore e que máis..., e ¿a nosa sociedade? ¿que pasa con ela? Porque ademais falamos moi distinto á maneira en que se entende a xente común. E cando non nos entenden dicimos: "Se non me entenden, é que son parvos". Pero a vida segue e a vida continúa e a xente segue falando e seguirá.

## 6. A experiencia do proxecto FOCYP e o tecido de redes horizontais<sup>2</sup>

¿Que queremos facer? Colaborar na formación de investigadores, de máis persoas que se interesan desde calquera disciplina ou traballo por desenvolver coñecementos sobre o seu propio contorno simbólico local. Pero ó mesmo tempo ligados con procedementos globais de distribución de intelixencia. Queremos facer redes de xeración de información descriptiva, explorativa, actualizada, histórica e de sentido público. E ¿iso que quere dicir e para que queremos iso?

Pois é sinxelo, para aumenta-la masa crítica de xeradores de información cultural substantiva. Aumentar significativamente o número e a dispersión espacial de persoas e de grupos suficientemente preparados (é dicir, coas habilidades e as destrezas básicas adquiridas) e suficientemente motivados para responsabilizárense -nunha estrutura de rede- desta tarefa que dalgún xeito foi expropiada ou nunca se asumiu de todo nas sociedades dominadas nas escalas mundial, nacional e local. Queremos aumenta-lo coñecemento fundado sobre a cultura en México, pero "México" son en realidade moitos "Méxicos". A coñecida "Revolución mexicana" é en verdade a integración complexa de moitas "revolucionciñas" locais. Hai moitas cousas que pasaron, que se taparon e que non están aínda moi claras; sobre todo séguese xerando coñecemento de maneira ambigua, centralizada e heterodeterminada.

## 7. Dúas historias detrás das cifras

Para conseguir iso é preciso entender (aínda que iso encántalles ós políticos) que o máis inadecuado para poder describir unha práctica cultural é a porcentaxe a secas. "O 60% dos mexicanos non le libros". De

2. FOCYP fai referencia ó proxecto de investigación que figura en González, Jorge: "La voluntad de tejer", *Estudios sobre las culturas contemporáneas*, vol. 3, nº. 5, Universidad de Colima, 1997 e ó programa informático cos resultados de cartografías culturais que proxectei durante a conferencia.



acordo, pero e ¿iso que? "O 80% vai ó cine" e ¿que máis? É inadecuado non porque estea mal de orixe producir e usa-las porcentaxes e as enquisas, senón porque toda a práctica cultural ten unha dobre historicidade que a explica e que a determina: unha historicidade fundamental que está centrada na traxectoria dos soportes materiais que garanten que esa determinada práctica ou eses discursos ou esas actitudes poidan xerarse. Non é posible que haxa católicos sen templos, sen curas, sen seminarios, sen alguén que imparta e sancione os sacramentos. Non é posible que haxa lectores sen escritores, sen libros, sen bibliotecas e sen casas editoriais.

E esta historia material non se deixa apreixar coas cifras puntuais. Hai que reconstruíla por medio de sistemas de información e contala, recreala, darlle visibilidade científica. Por outra parte temos outra historia que tampouco aparece nas estatísticas comúns e é a historia das disposicións incorporadas, a historia da distribución, desenvolvemento e apropiación dos esquemas simbólicos mínimos para percibir, valorar e escoller determinada práctica cultural e non outra.

Para ser lector e para ser católico ou para ser educando, se non tes eses esquemas, que están desigualmente desenvolto, distribuídos e apropiados, pois sinxelamente non percibes ese produto ou práctica cultural. Non es parte do seu público.

Se alguén me mostrase a Catedral de Santiago, pero eu non tivese nin idea dela nin tampouco trouxese unha guía ou algo que me axudase a comprender mellor o que me mostran, é moi probable que despois de pasar polo Pórtico de Gloria na Catedral de Santiago de Compostela poidan ser dúas as miñas actitudes: unha a de bota-la lingua ó clareo "¡oh, a magnificencia!". Entón merco unha postal e dígolles "miren eu estiven en Santiago". Non entendín nada nin sei nada, só que é moi grandona e moi bonita, porque non teño as disposicións axeitadas para "degustala" e incorporala á miña experiencia vital.

Se alguén me levase e me proporcionarse máis elementos que o meu pobre ou rico sentido común, podería entender e asimila-lo que vexo e sinto un pouco máis densamente e menos *mensamente*. Cando falo de "densidade" refírome a unha visión que me permite identificar unha pluralidade de relacións. Sen ela, desenvolvo sen máis a *mensidade*<sup>3</sup> fronte á inmensidade. Entón, para min, unha práctica cultural pode ser máis entendida de maneira máis proveitosa como o entrecruzamento de dúas historias, de dúas traxectorias que nela converxen: a traxectoria dos equipamentos ou soportes materiais da cultura e a traxectoria das disposicións cognitivas que se desenvolveron e distribuíron de maneira desigual entre as persoas, os espazos e os tempos sociais.

3. Un *menso* é aquel que, cando lle chiscan o ollo, non distingue se é un tic, se lle están facendo as beiras ou se é un aruxo. Alguén que ten pouca capacidade para discernir e, polo tanto, nivela a súa propia visión e experiencia das cousas.

Unha é a historia das institucións, axentes e prácticas especializadas na produción, preservación e difusión profesional de representacións do mundo.

Outra é a historia de como nos fomos facendo paulatinamente público das institucións culturais; porque os públicos non nacen, constrúense, vanse facendo no curso do tempo.

## 8. Unha mirada estrábica por triplicado

"Esquizofrenia" dixen eu hai un momento, para falar da incapacidade de facérmonos preguntas desde a nosa propia especificidade como sociedades e culturas ó investigarmos. Por exemplo, cando no 1985 iniciamos en México o proxecto da relación entre telenovelas e sociedade, os "culebróns" como lle chaman en España, levabamos varias décadas de fabricación e de vermos telenovelas, pero en tódalas universidades mexicanas non había nin un só estudio máis ou menos digno sobre iso. Só se limitaban a dicir -sen fundamento sólido ningún- que eran "unha merda", telelixo, ¡que asco!, pero ninguén sabía aproximadamente cantas persoas a vían e moito menos que facían con elas na súa vida cotiá. De feito as empresas de televisión e as de publicidade sabían máis dese fenómeno cultural que as institucións que se supón que están especializadas en volver entendible o mundo: ¡as propias universidades! Unha triplé mirada á vez sociocéntrica (só vale o que a miña clase social decide que vale) "iso é de pobres"; etnocéntrica (só vale o que dicta a cultura europea e occidental) "iso é de mal gusto"; e á fin unha mirada androcéntrica ou falocéntrica (só o que se define masculinamente é bo) "porque iso é de mulleires". E sen embargo, a pesar da triple cegueira "académica", cada vez había máis público de telenovelas e quince mil persoas só na cidade de México traballaban neses momentos na produción de telenovelas, ¿que sabiamos disto? En realidade, nada, pero co triple prexuízo xa o sabiamos todo: "Televisa, a ITT, a Xerox, o imperialismo cultural son os malos". ¿As telenovelas? Pura alienación. ¿A xente que as ve? Alienada. Listo, xa está, ¿que máis queremos "saber" se xa o sabiamos desde antes de investigar? E ¿para que lle preguntamos á xente, se nós decidimos como é a xente ou ignorámola completamente? ¿Cantas historias do cine hai en México? Varias nas que témo-la historia das películas mexicanas e algunhas historias dalgúns directores e actores mexicanos. Pero ¿cantas historias dos públicos? ¿Como medrou a asistencia e se desenvolveu o gusto polo cine en diferentes espazos e tempos? ¿Como se "volveron público" de cine os seus avós aquí en Galicia?

Non se sabe e dificilmente se vai saber sen contar con sistemas de información e sistemas de investigación. Porque ese público invisible é a



xente sen historia, é o perral "que ladre, logo. Nós só facemos historia de bronce, a historia das estatuas magníficas e memorables". Soa horrible, pero é aínda máis horrible.

E ó respecto da invisibilidade científica doutras categorías, cóntolles que houbo un erro involuntario de tradución do meu relatorio no resumo publicado do programa e onde di "materias", debe dicir "matrias". Unha cousa é a patria e outra é a matria, a que está pegadiña a ti, a túa matria, a túa identidade territorial básica.

¿E quen estudia as *matrias*? En México tivo que se-lo hoxe historiador don Luis González quen dentro do Colexio de México -unha das importantes institucións fundadas polo exilio español no meu país-, formado nunha tradición de historiografía positivista (o que conta é o documento), decídese a "historia-la" súa vila natal. ¿Como que a súa vila?, ¿que hai importante na súa vila? ¡Ademais faino usando información de parentes seus! ¡Contaminou a verdade! ¡Contaminou a obxectividade! ¡Herexía pura! que a este investigador lle custou varios anos conseguir que no medio científico fose aceptada outra forma de facer historia fixada en dimensións locais e con isto abriu un furado na historiografía mexicana para empezar a traballar historias rexionais, historia das moitas matrias, non historia única *Patria*, senón historias *matrias*, as do chan querido. Porque esa xente que non aparece na Historia, nin sequera de pano de fondo, adoita se-la que produce desde abaixo, na sombra, neste país, eses países e esas nacións. E o problema é que desa parte da vida e da historia das nosas propias vilas sabemos moi pouco ou case nada. Non ten visibilidade científica.

E creo que ós universitarios correspóndelles asumir -polo menos ó comezo- esta responsabilidade de aprender a saber para gañaren graos de autodeterminación para face-lo mundo máis ancho, un mundo no que poidan caber moitos outros mundos.

¿Por que queremos facer redes? Porque queremos aumenta-la masa crítica de xeradores de información, porque queremos dignifica-lo oficio de investigar, porque queremos que os estudantes e os profesores conectemos e sexamos capaces de pór ó noso servicio, ó da nosa intelixencia e ó noso espírito as tecnoloxías dixitais e de información (e non ó revés como adoita suceder). Queremos tamén que aprendamos a xerar autoestima intelectual, porque entón a tese, os traballiños e as reflexións poderán ser cada vez mellores. ¿Que pode suceder? Que poderíamos xerar estudos comparativos que antes sinxelamente non se podían facer entre Guadalajara e León e México e Colima e Tijuana. Antes non se podía porque non tiñamos sistemas de información básica dos procesos culturais. Non digo que se poida facer todo agora, pero estamos empezando, en moitas partes, polo menos, a darnos de conta de que non nos damos de conta.

## 9. Cara a unha cultura de comunicación

En resumo, este relatorio pretendeu sinala-la prioridade estratéxica de desenvolver sistemas de información cultural propios, fundados en e para a construción de coñecementos orientados de maneira distinta a como os vivimos vastas zonas do mundo. Dixen que é posible intervir para reorientalas a partir dos intereses e das perspectivas daquelas zonas do mundo nas que non se considerou preciso facelo. E no caso de que así fose, tampouco se cultivou unha actitude permanente de busca documentada de novas solucións e de respostas para elaborar, metabolizar e intervir sobre as experiencias da vida e do mundo desde perspectivas máis próximas ás nosas características de diferenza que aprendemos a vivir non como diferenzas, senón como desigualdades. Desigual é a distribución e o acceso ós soportes materiais da cultura. Desigual é o desenvolvemento e a apropiación das disposicións cognitivas para "degustar" e para asimila-la cultura. Dixen que a desigualdade camiña da man dunha forma vertical e autoritaria de organizármonos para coñecer, que non vemos porque vemos con ela e ela mesma non nos deixa darnos de conta de que ¡non nos demos de conta!

En especial, nas universidades non se desenvolven de maneira suficientemente estendida as habilidades nin as destrezas para aprender a operar con e a deseñar sistemas de información. Quizais se pense erroneamente que iso lle corresponde só ós informáticos. ¡Vaia confusión!

Por outra parte, por primeira vez na historia, o acceso ás máquinas de información é cada vez máis amplo e difundido, pero tampouco desenvolvemos suficientemente unha cultura de investigación que nos axude a nutrir permanentemente as ferramentas dos sistemas de información, que nos axude a identificar problemas prácticos da vida e do mundo social e sexamos capaces de convertelos en problemas de investigación. As novas ferramentas heurísticas son poucas, pobres e cegas a outras posibilidades. As dúas primeiras carencias colócanos e perpetúannos nunha situación dependente e periférica, pouco flexible e por iso mesmo prescindible dentro da nova forma social da era da información. Pero estas culturas de información e de investigación poderían ser desenvolvidas só coa condición de que arrisquémo-lo desenvolvemento doutra das nosas máis importantes carencias. Tampouco temos unha cultura de comunicación. E iso é posiblemente máis grave. Aprendemos (a forza de acata-la razón do máis forte) a da-la volta só para arriba ou para abaixo, e non sabemos da-la volta para os lados. Practicamente en ningunha das máis de cen carreiras de moda que xiran ó redor da comunicación en México se ensina e cultiva unha cultura de aprender a comunicarse para aprender a medrar cos outros, non sobre os outros. Unha cultura que sempre busca ser horizontal, dialóxica e participativa.



Esa cultura de comunicación brilla pola súa ausencia e con esa ausencia condenámonos a manter un lugar subalterno que nos foi asignado na historia e que se nos traduce de súpeto nunha autoestima intelectual moi baixa e sempre dependente, sempre decadente.

¿Pero de onde máis se vai desenvolver? Se non se desenvolve a partir das universidades nunha comunicación permanente coa sociedade, dificilmente se poderá conseguir. E así, a estratexia para perpetuar-la dominación semella moi clara e moi nítida: desactiva-las universidades e os centros de investigación e con isto reducirse aínda máis os graos de autodeterminación que como sociedade e culturas nos urxe gañar e adquirir.

Con isto impídese o desenvolvemento dunha verdadeira masa crítica de xeradores de información e de investigación que sexa capaz de desenvolver, apropiarse e distribuí-las necesidades e as capacidades de tódolos "diferentes" de maneira horizontal. Non se trata de arrasa-las diferencias, senón, pola contra, trátase de cambia-la organización que "nos utiliza" para deseñar outra que poidamos usar e sometela para suscitármolas diferencias, para contemplármolas con detalle e para producirmos plataformas dialóxicas que constrúan espacios máis amplos, elaboracións asemade máis cheas de detalle e de perspectiva.

Considero que é importante modificar e intervir na maneira na que nos organizamos para xerar coñecemento e que efectivamente esa forma non se pode separar do coñecemento mesmo. O que queremos facer é redeseñar de maneira horizontal e participativa a forma na que xogamos ó xogo de coñecer.

E como ben dicía J. P. Carse: hai dous tipos de xogos. Os xogos finitos, nos que se trata sempre de gañar, como o fútbol, onde ó rematar alguén gaña e alguén perde. Pero tamén hai xogos infinitos nos que o obxectivo do xogo non é gañar, senón xera-las condicións para que todos poidamos seguir xogando.

A palabra está nas universidades e nas súas comunidades académicas en diálogo creativo. O reto está exposto e os medios tecnolóxicos están por vez primeira na historia ó alcance para que ó organizármolos e desenvolvermos estas tres culturas de información, de investigación e de comunicación, poidamos de maneira realista someter toda a técnica que decidamos ó espírito que tecemos e podemos seguir tecendo.

## OS INVESTIGADORES UNIVERSITARIOS DIANTE DA DIVERSIDADE CULTURAL

*Francisco Fernández Rei*

*Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago*

Antes de nada quero agradecerlles ós organizadores destas Xornadas, e particularmente ó profesor Xosé López, o convite que me fixeron. Nada teño que ver cos medios de comunicación nin co ensino e a investigación nunha Facultade de Ciencias da Información. Son un filólogo, que desde hai máis de vinte anos leva unha especie de dobre vida académica na Universidade de Santiago de Compostela: polas tardes, e ás veces de mañá, investigo sobre o galego no ILG (Instituto da Lingua Galega) e polas mañás son profesor da Facultade de Filoloxía.

Durante vinte anos expliquei Filoloxía e Lingüística Románica, e ultimamente ensino Sociolingüística Románica, con especial atención á situación social e cultural das linguas e variedades minorizadas. Céntrome en situacións das que non se fala nos medios de comunicación de Galicia nin do resto do Estado español, como o plurilingüismo do Friuli, encrucillada do mundo románico, xermánico e eslavo, onde a lingua maioritaria é a friulana usada por Pasolini en poesía e en teatro; ou o plurilingüismo de Sardeña, onde un millón de persoas falan variedades sardas pero con escasa autoestima da súa fala e onde existen minorías que falan corso, catalán, ligur e mesmo friulano e véneto, aínda que oficialmente a lingua de todos é o italiano. Analizo tamén as diversas situacións do catalán en España: a de Cataluña é coñecida porque se fala dela constantemente nos medios, cando non é pola inmersión lingüística é pola nova lei do catalán ou nas últimas semanas polo caso da Universitat Rovira i Virgili de Tarragona e os exames en catalán na selectividade, pero ben pouco se trata a situación do catalán en Valencia, nas Balears ou en Aragón.

E tamén analizo a situación de minorías como a romanche suíza, uns 50.000 falantes que nestes momentos teñen algúns dereitos dos que carecen os varios millóns de catalán e de galegofalantes, como é o dereito a teren un pasaporte ou unha carta de identidade en romanche ou a veren no papel moeda a súa lingua a carón das outras linguas da Confederación Helvética.

Na miña intervención nesta mesa redonda vou referirme a estes dous aspectos, ó da investigación que sobre o galego se fai no Instituto da Lingua Galega e á atención ás linguas minorizadas románicas por parte